



## ACTA DO XURADO

### II Premio Editorial de Fotografía Documental Galega

A Coruña, 5 de decembro de 2022

Reunido o xurado, formado por Marcos Ferreiro (AmordeMadre), Xosé Lois Gutiérrez Faílde (Alauda Negra), Tono Mejuto (Estraperlo Editora) e Diana Vilera (La Cueva Casa Editorial), acorda por unanimidade outorgar o II Premio Editorial de Fotografía Documental Galega ao proxecto **«Entre las aguas»**, de **Ana Núñez Rodríguez** (Lugo, 1984), “pola súa capacidade para igualar e transformar un imaxinario propio e de carácter local nun proxecto fotográfico que poida ver e ler calquera persoa, dotándoo dun sentido simbólico que funciona a nivel universal e plantexándoo ademais con brillantez estética”.

A orixe de *«Entre las aguas»* sitúase no verán de 2017, que foi atípico en Galicia: cálido e seco, con condicións meterolóxicas extremas, nas que a búsqueda da auga, debido a sequía dos pozos, converteuse nunha tarefa esencial para recuperar a estabilidade. Esta situación permitiu á autora entrar en contacto co *zahorismo* e a *radiestesia*, técnica milenaria para percibir a enerxía entre as augas.

Con este punto de partida, *«Entre las aguas»* componse dun conxunto de imaxes que cuestionan ao espectador sobre a dominación do sentido da vista, unha proposta baseada nunha serie de xogos conceptuais con respecto ao visible-non visible, que nos achegan a outros modos de entender a percepción.

O xurado quere, ademais, expresar o seu agradecemento e deixar constancia da alta calidade dos traballos presentados e desexa outorgar dúas mencións especiais aos proxectos *«Bird Song»*, de Fran Rodríguez Casal (Traspielas, Pontevedra, 1998), e *«Exégesis»*, de Roberto de la Torre (Vigo, 1978).